

# Boletín de Inscripción

**ENTREGAR A:**  
**Conservatorio Superior de Música de Vigo**  
**(secretaría)**  
**Manuel Olivie, 23**  
**36203 VIGO**



**ORGANIZA:**  
Departamento de Instrumentos  
da Música Tradicional e Popular

**COLABORA:**  
Equipo de Normalización e  
Dinamización Lingüística



C/. Manuel Olivie, 23  
Teléfono 986 47 11 44 - Fax 986 48 18 07  
**36203 VIGO**



## III Curso de Gaita Pablo Carpintero



**1, 2 e 3 de Xullo de 2008**

**Auditorio Martín Códax**  
**Conservatorio Superior de Música de Vigo**  
**Monte do Castro - VIGO**

## Pablo Carpintero Arias



Naceu en Castro de Carballo (Lugo) en 1969. É doutor en Ciencias pola Universidade de Santiago de Compostela, foi profesor de Bioquímica nesta universidade e actualmente realiza estudos de doutorado, sobre a gaita de fol, no Departamento de Historia da Arte da USC e

traballa no Proxecto Ronsel da Universidade de Vigo para a recuperación do Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia.

É membro directivo da Asociación de Gaiteiros Galegos e dirixe dous grupos de recuperación de tradicións musicais galegas: A Requinta de Xián e o Obradoiro de Cultura Tradicional Ultra. Produciu, ata o momento, varios artigos en revistas especializadas en etnomusicoloxía e folclore, así como numerosos traballos discográficos froito das investigacións de campo que nos últimos 15 anos ven realizando por toda Galicia, Zamora, Asturias e Portugal, nomeadamente os correspondentes á serie Os Nossos Gaiteiros de Edicións do Cumio.

O seu traballo de investigación está centrado principalmente na evolución da morfoloxía e repertorio da gaita de fol e na súa contextualización social e histórica, así coma no estudo dos diversos instrumentos musicais tradicionais galegos. Colabora con institucións como o Consello da Cultura Galega, a quen cedeu en 2005 un arquivo composto de máis de 350 horas de gravacións de campo ou a Radio Galega, onde periodicamente realiza seccións dedicadas ó folclore galego.

É tamén artesán especializado na reprodución de todo tipo de instrumentos musicais tradicionais galegos e imparte cursos relacionados cos instrumentos musicais galegos e a súa historia, así como concertos musicais e didácticos.

## III CURSO DE GAITA

Impartido por: PABLO CARPINTERO  
Duración: 18 horas  
Data: 1, 2 e 3 de Xullo de 2008  
Lugar: Conservatorio Superior de música de Vigo  
Horario: Mañá: 10:30 a 14:00  
Tarde: 16:00 a 18:30  
Prezo: Alumno activo 50€ (matrícula única)

### CONTIDOS

#### Martes mañá

Tipoloxía das gaitas de fol do noroeste peninsular (galegas/portuguesas, asturiana e trasmontana/sanabresa). Historia, morfoloxías, escalas, tipoloxía das palletas e pallóns. Tipos de dixitacións.

#### Martes tarde

Escolas, xeitos de interpretación e repertorios no noroeste peninsular. Audicións e interpretacións en vivo. Proposta dun repertorio para o seu estudo.

#### Mércores mañá

A aprendizaxe tradicional da gaita de fol.

Gaitas e gaitas de fol de lingüeta sinxela: historia e tipoloxías.

Audicións de gaiteiros tradicionais e traballo sobre o repertorio.

#### Mércores tarde

Fabricación de palletas e pallóns. Fabricación de gaitas de cana e sabugueiro.

#### Xoves mañá

Os instrumentos que acompañan ás gaitas de fol. Tipos de agrupacións tradicionais. Audicións

Diferentes técnicas de ornamentación e traballo co repertorio.

#### Xoves tarde

Estado actual: a gaita de fol contemporánea. Historia, morfoloxía, escala, tipoloxía das palletas e pallóns. Tipos de dixitacións usadas.

Traballo co repertorio.



NOTA: Este boletín deberá entregarse (ou por fax:986481807) acompañado do xustificante de ingreso en CAIXANOVA nº de cta. 2080-0132-18-0040006898

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Nome \_\_\_\_\_ Apellidos \_\_\_\_\_

D.N.I. \_\_\_\_\_ Enderezo \_\_\_\_\_

Poboación \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Data nacemento \_\_\_\_\_

Teléfono fixo \_\_\_\_\_ Teléfono móbil \_\_\_\_\_

Nivel de Estudos \_\_\_\_\_ Centro \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_ Data e sinatura \_\_\_\_\_